

1. Líder FÚTBOL



PARABÉNS PAPÁS

Ao longo da fin de semana moitos proxenitores recibiron un adianto do agasallo polo día do pai. As mostras de agarimo sucedéronse nas celebracións, das que foron os principais protagonistas

» DIVISIÓN DE HONRA XUENIL



O LUGO asinou a permanencia cunha remontada exprés



O VILLALBÉS cae en Mareo e baixa á Liga Nacional

O conxunto que dirixe Álex Antón deulle a volta ao 0-1 co que se adiantara na Reigosa o Bansander e certificou unha tempada máis que a División de Honra xuvenil fará escala en Lugo. Pola súa banda, o Rácing perdeu a categoría tras caer ante o Sporting de Gijón, novo líder da competición

premioslíder²⁰¹⁸
fútbol-base lucense

Xa está en marcha a **10ª Edición**. Neste número coñecemos os nomeados ao mellor once infantil Provincial e tamén unha das novidades da próxima Gala, a entrada nas votacións dos colexiados

Clasificacións > Categorías superiores | Autonómicas

XUVENIL D. DE HONRA

RESULTADOS

TSK Rocas - R. Santander **1-2**
 Santiago - Pontevedra **1-1**
 CD Lugo - Bansasder **2-1**
 CD Aroesa - Alondras **3-2**
 Sp. Gijón - R. Villalbés **7-1**
 RC Celta - Deportivo **2-1**
 At. Perinés - R. Oviedo **1-2**
 Llano 2000 - Val Miñor **3-1**

CLASIFICACIÓN

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
SPORTING GIJÓN	61	26	18	7	1	63	24
RC DEPORTIVO	59	27	18	5	4	71	22
RC CELTA	59	27	17	8	2	64	28
R. SANTANDER	52	27	17	1	9	58	34
REAL OVIEDO	50	27	15	5	7	49	28
PONTEVEDRA CF	40	27	10	10	7	40	33
TSK ROCAS	40	27	10	10	7	45	41
BANSANDER	35	27	10	5	12	45	56
ATL. PERINÉS	34	27	9	7	11	29	39
CD LUGO	33	26	9	6	11	28	41
ED VAL MIÑOR	30	27	8	6	13	44	54
ALONDRAS CF	26	26	7	5	14	38	54
CD AROESA	23	27	6	5	16	35	66
LLANO 2000	21	27	5	6	16	30	53
SANTIAGO CF	16	27	4	4	19	27	59
R. VILLALBÉS	16	26	4	4	18	27	61

PRÓXIMA XORNADA

Santiago - Llano 2000 R. Villalbés - RC Celta
 Pontevedra - CD Lugo Deportivo - At. Perinés
 Bansasder - CD Aroesa R. Oviedo - TSK Rocas
 Alondras - Sp. Gijón R. Santander - Val Miñor

XUVENIL LIGA NACIONAL

RESULTADOS

Sta. Mariña - Deportivo B **1-2**
 Pabellón - Coruxo **0-1**
 Victoria - Compostela **3-1**
 Porriño - Choco **3-2**
 RC Celta - Arosa SC **4-0**
 Ural - R. Ferrol **1-0**
 Conxo - Ourense **1-0**
 R. Bouzas - Boiro **1-0**
 CD Estrada - CD Lugo B **1-1**

CLASIFICACIÓN

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
R.C. CELTA "B"	66	26	21	3	2	80	18
URAL CF	64	26	21	1	4	68	29
DEPORTIVO "B"	52	26	15	7	4	64	26
VICTORIA CF	50	25	16	2	7	66	38
RACING FERROL	50	25	15	5	6	44	30
C.D. LUGO "B"	35	26	10	5	11	42	41
RAPIDO BOUZAS	34	25	9	7	9	26	29
SANTA MARINA	31	26	8	7	11	38	49
C.D. CONXO	31	25	9	4	12	47	45
PORRIÑO	30	25	9	3	13	40	45
PABELLÓN C.F.	30	25	9	3	13	34	44
C.D. CHOCO	28	25	8	4	13	41	47
S.D. COMPOSTELA	27	25	7	6	12	36	45
AROSA S.C.	27	25	7	6	12	27	46
CORUJO F.C.	26	26	6	8	12	21	48
C.D. BOIRO	26	25	7	5	13	35	53
C.D. LEREZ	23	25	6	5	14	30	53
OURENSE C.F.	15	26	4	3	19	20	73

PRÓXIMA XORNADA

CD Lugo B - Sta. Mariña Arosa SC - Ural
 Deportivo B - Pabellón R. Ferrol - Conxo
 Coruxo - Victoria Ourense - R. Bouzas
 Compostela - Porriño Boiro - CD Lerez
 Choco - RC Celta B

XUVENIL GALEGA NORTE

RESULTADOS

Betanzos - Ural B **0-4**
 G. Caranza - Dumbria **1-2**
 O Val - Conxo B **1-0**
 Unión - Victoria B **1-1**
 Calasanz - EF Lalín **4-0**
 R. Villalbés B - Montañeros **0-0**
 Santiago B - Bergantiños **1-3**
 Cereda - Viveiro A **2-0**
 Estrada - Orillamar **2-1**

CLASIFICACIÓN

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
C.D. CALASANZ	55	25	18	1	6	60	25
ESTRADA FB	52	26	16	4	6	55	26
GALICIA CARANZA	50	25	15	5	5	49	22
G.F. DUMBRIA	47	25	13	8	4	42	28
ORILLAMAR S.D.	46	25	14	4	7	67	40
E.F. LALIN	45	25	14	3	8	53	35
MONTANEROS C.F.	44	25	13	5	7	42	22
BERGANTINOS C.F.	41	25	13	2	10	44	36
SANTIAGO "B"	40	26	12	4	10	66	46
VIVEIRO C.F. "A"	40	26	12	4	10	64	42
C.C.D. CEREDA	37	26	11	4	11	41	41
BETANZOS C.F.	33	25	10	3	12	48	43
URAL C.F. "B"	31	25	9	4	12	42	44
S.D. O VAL	29	26	8	5	13	36	51
VICTORIA C.F. "B"	26	26	8	2	16	42	63
R. VILLALBÉS "B"	23	25	6	5	14	23	47
C.D. CONXO "B"	9	25	2	3	20	27	80
C.D. UNION	2	25	0	2	23	18	128

PRÓXIMA XORNADA

Orillamar - Betanzos EF Lalín - R. Villalbés B
 Ural B - G. Caranza Montañeros - Santiago B
 Dumbria - O Val Bergantiños - Cereda
 Conxo B - Unión Viveiro CF - Estrada
 Victoria B - Calasanz

XUVENIL GALEGA SUR

RESULTADOS

Valladares - AJ Lerez **1-1**
 Val Miñor B - Tude **5-1**
 Verín - Calasanz **1-0**
 Ribadumia - Barbadas **3-1**
 Arosa B - Arenteiro **2-1**
 Choco B - Independiente **2-1**
 Alondras B - Pabellón B **4-0**
 Comesaña - Sárdoma **8-1**
 A Seca - Barco **5-2**

CLASIFICACIÓN

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
E.D. VAL MIÑOR "B"	57	26	18	3	5	66	35
PABELLÓN "B"	45	26	13	6	7	58	37
UD. COMESAÑA	44	25	14	2	9	58	41
C.D. CHOCO "B"	43	26	14	1	11	50	49
ALONDRAS C.F. "B"	42	26	12	6	8	54	49
C.D. BARCO	42	26	12	6	8	59	52
A.J. LEREZ	41	26	11	8	7	52	36
VALLADARES	41	25	12	5	8	57	45
C.D. RIBADUMIA	41	26	12	4	9	68	63
A.C.D. A SECA	40	25	11	7	7	60	41
C.P. CALASANZ	39	26	11	6	9	38	39
E.D.C. VERIN	36	26	9	9	8	29	36
UD. BARBADAS	33	26	8	9	9	35	32
SARDOMA C.F.	26	26	6	8	12	40	54
TYDE CF.	20	25	5	5	15	32	60
AROSA S.C. "B"	20	25	5	5	15	33	63
INDEPENDIENTE	18	25	5	3	17	26	49
C.D.ARENTEIRO	17	26	5	2	19	36	70

PRÓXIMA XORNADA

Barco - Valladares Arenteiro - Choco B
 AJ Lerez - Val Miñor B Independiente - Alondras B
 Tude - Verín Pabellón - Comesaña
 Calasanz - Ribadumia Sárdoma - A Seca
 Barbadas - Arosa B

INFANTIL Play-Off Copa

RESULTADOS

Portero 2000 - Sta. Mariña **2-0**
 Pabellón - CD Lugo **1-1**
 Ural - Bergantiños **3-1**
 Arosa SC - Bertamiráns **3-3**

CLASIFICACIÓN

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
PABELLÓN C.F.	17	8	5	2	1	22	9
E.F. PORTERO 2000	17	8	5	2	1	19	8
URAL C.F.	16	9	4	4	1	11	6
U.D. SANTA MARINA	15	8	5	0	3	20	14
BERTAMIRANS C.F.	10	8	3	1	4	17	17
BERGANTINOS C.F.	8	8	2	4	10	15	
AROSA S.C.	5	8	1	2	5	11	21
C.D. LUGO	3	9	0	3	6	6	26

PRÓXIMA XORNADA

CD Lugo - Sta. Mariña Bertamiráns - Ural
 Bergantiños - Pabellón Arosa SC - Portero 2000

Todas as fotos da xornada na WEB

INFANTIL Permanencia Norte

RESULTADOS

EF Polvorin - G. Caranza **2-2**
 Montañeros - Victoria **0-1**
 Amio - Santiago **0-2**
 Imperator - Oza Juvenil **5-1**
 R. Ferrol - Once C **11-2**

CLASIFICACIÓN

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
SANTIAGO	22	8	7	1	0	25	3
VICTORIA C.F.	17	9	4	5	0	13	6
MONTANEROS C.F.	17	9	4	2	2	14	8
RACING FERROL	15	9	4	3	2	22	12
AMIO S.D.	14	9	4	2	3	12	7
GALICIA CARANZA	14	9	4	2	3	15	13
IMPERATOR O.A.R.	12	8	3	3	2	16	9
EF POLVORIN "A"	4	8	1	1	6	7	20
OZA JUVENIL S.D.	4	9	1	1	7	8	24
O CABALLEROS C.F.	0	8	0	0	8	9	39

PRÓXIMA XORNADA

Imperator - R. Ferrol Polvorin - Victoria
 Amio - Oza Juvenil G. Caranza - Once C
 Montañeros - Santiago

INFANTIL Permanencia Sur

RESULTADOS

Pontevedra - Calasanz **2-2**
 AJ Lerez - R. Bouzas **0-3**
 Coruxo - Alertanavia **2-0**
 Choco - Vila Marón **4-0**
 Alondras - Verín **4-0**

CLASIFICACIÓN

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
C.D. CHOCO	23	9	7	2	0	22	11
CORUJO F.C.	19	9	6	1	2	32	14
ALONDRAS C.F.	19	8	6	1	1	21	8
C.P. ALERTANAVIA	17	9	5	2	2	23	11
RAPIDO BOUZAS	14	9	4	2	3	24	16
C.P. CALASANZ	13	9	3	4	2	26	17
A.J. LEREZ	7	9	2	1	6	19	24
PONTEVEDRA C.F.	6	9	1	3	5	16	26
E.D.C. VERIN	5	9	1	2	6	16	22
E.F. VILLA MARIN	0	8	0	0	8	5	55

PRÓXIMA XORNADA

Choco - Alondras Pontevedra - R. Bouzas
 Coruxo - Vila Marín Calasanz - Verín
 AJ Lerez - Alertanavia

CADETE DIVISIÓN HONRA

RESULTADOS

CD Aroesa - Deportivo **1-3**
 Pabellón - Coruxo **0-0**
 Victoria - Santiago **3-1**
 Pontevedra - Choco **3-0**
 RC Celta - ED Arousa **6-0**
 Ural - R. Ferrol **3-1**
 Bertamiráns - Bergantiños **0-2**
 R. Bouzas - Val Miñor **0-0**
 Calasanz - CD Lugo **2-1**

CLASIFICACIÓN

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
R.C. CELTA S.A.D.	73	26	24	1	1	149	12
R.C. DEPORTIVO	65	26	20	5	1	97	19
PABELLÓN	47	25	14	5	6	55	34
C.D. CALASANZ	42	26	12	6	8	39	35
PONTEVEDRA C.F.	39	25	12	3	10	39	36
C.D. AROESA	39	26	11	6	9	48	49
VAL MIÑOR	38	25	11	5	9	47	45
C.D. LUGO	38	26	11	5	10	52	48
CORUJO F.C.	37	26	9	10	7	41	34
SANTIAGO	36	25	10	6	9	27	34
URAL C.F.	35	25	11	2	12	30	30
BERGANTINOS C.F.	34	25	10	4	11	40	55
VICTORIA C.F.	33	25	10	3	12	34	38
RACING FERROL	27	26	7	6	13	33	56
RAPIDO BOUZAS	22	26	5	7	14	27	39
BERTAMIRANS C.F.	19	25	4	4	16	26	62
E.D. AROESA S.D.	19	25	4	4	16	25	62
C.D. CHOCO	2	25	0	2	23	9	120

PRÓXIMA XORNADA

CD Lugo - CD Aroesa ED Arousa - Ural
 Deportivo - Pabellón R. Ferrol - Bertamiráns
 Coruxo - Victoria Bergantiños - R. Bouzas
 Santiago - Pontevedra Val Miñor - Calasanz
 Choco - RC Celta

CADETE GALEGA NORTE

RESULTADOS

X. Oroso - Ural B **2-1**
 G. Caranza - Bertamiráns B **2-1**
 R. Ferrol B - Conxo **5-2**
 CD Lugo B - Victoria B **4-1**
 EF Lalín - Estrada **0-1**
 R. Villalbés - Montañeros **0-1**
 Santiago B - Bergantiños **1-2**
 Dumbria - Viveiro A **1-5**
 Deportivo B - San Tirso **0-5**

CLASIFICACIÓN

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
SAN TIRSO S.D.	74	26	24	2	0	95	18
X. OROSO	58	25	18	4	3	65	24
MONTANEROS C.F.	55	25	19	1	5	68	33
VIVEIRO C.F. "A"	52	26	17	1	8	56	39
C.D. LUGO "B"	45	26	13	6	7	54	39
DEPORTIVO "B"	45	25	13	6	6	40	42
ESTRADA FB	42	26	13	3	10	46	33
URAL C.F. "B"	36	26	10	6	10	36	41
VICTORIA C.F. "B"	36	26	10	6	10	44	54
E.F. LALIN	34	25	9	7	9	54	49
GALICIA CARANZA	29	25	8	5	12	39	56
RACING VILLALBES	26	25	7	5	13	45	64
RACING FERROL "B"	26	25	7	5	13	52	64
BERTAMIRANS "B"	20	25	6	2	17	35	61
BERGANTINOS "B"	20	25	5	5	15	35	64
C.D. CONXO	15	25	3	6	16	30	55
SANTIAGO "B"	6	26	0	6	20	20	78

PRÓXIMA XORNADA

San Tirso - X. Oroso Estrada - R. Villalbés
 U

O Lugo seguirá unha tempada máis na élite

TRAS REMONTAR NO SPRINT FINAL ao Bansander, os de Álex Antón aseguráronse matematicamente a permanencia na División de Honra



Momento no que Brais dispara ao fondo da rede asinando a remontada co 2-1 que lle dá a permanencia ao Lugo

2

GOLES, no primeiro Jacobo frotou a lámpada e salu o duende para romper a súa marca pola banda e firmar o golazo do partido. No segundo, Brais acudiu ao rexeite para asinar a permanencia no último minuto co definitivo 2-1

A División de Honra xuvenil seguirá facendo escala en Lugo tras selar os de Álex Antón a permanencia de forma matemática logo dunha remontada exprés ante o Bansander con goles de Jacobo e Brais, este no último minuto.

Ata entón o Lugo estívera moi serio e levou o



Jesús rematando a portaría ante dous xogadores cántabros



Natham tras regatear a dous defensas dentro da área



Arbitro: Iván Abel Bruzos. Campo: Estadio Municipal A Reigosa - Friol - Lugo

peso do partido ante un rival ordenado e con perigo á contra.

Nunha delas os cántabros puideron facer o cero a un cun disparo que se mar-

chou rozando o largueiro ao cuarto de hora, mentres que Jesús dispuxo das dúas ocasións máis claras para o Lugo, primeiro cun disparo que atallou o porteiro visitante, e pouco despois con outro remate tras xogada de Jacobo que terminou cunha dobre intervención do acertado porteiro do Bansander.

O encontro estaba baixo control, pero nunha contra o Bansander adiantouse no marcador cun disparo do lateral esquerdo, a cinco minutos para o descanso.

Na segunda parte Álex Antón foi refrescando o equipo aos poucos cos cambios, á vez que ia metendo ao Bansander no seu campo.



Jaco conducindo o balón no medio campo

“Os xogadores dérono todo ata o final e conseguiron o premio que buscaron”

ÁLEX ANTÓN CD Lugo

Jesús seguía creando perigo e Natham desbordando, pero no ecuador da segunda parte o Bansander reclamou unha derriba na área lucense que o colexiado non sinalou.

Cando peor pintaban as cousas, Jacobo sacouse da chistera unha xogada de fábula pegado á liña de fondo, desbordou á súa marca e bateu ao porteiro visitante cun disparo ao pau curto. Un golazo co que deu ás a un Lugo que creu na remontada e conseguiu na no último minuto tras unha falta sobre Natham ao bordo da área. O extremo executou a pena e o porteiro cántabro despexou o balón. Ao rexeite acudiu Brais para enviar o balón ao fondo da portaría e selar a permanencia do Lugo na División de Honra cun gol sobre a bucina.



O plantel do Rácing antes de empezar o partido en Mareo

“Cabeza alta. E moito orgullo pola temporada e, sobre todo, por este gran grupo” SIMÓN LAMAS Rácing Club Villalbés



Arbitro: Pablo González. Israel Bércena e Miguel Prendes. Campo: Mareo - Gijón

O Rácing meteulle medo ao Spórting antes de desfondar

MOREDA adiantou ao Villalbés en Mareo, pero o esforzo realizado por moitos xogadores co B o sábado foi determinante co paso dos minutos

O Rácing Villalbés xogará a próxima tempada na Liga Nacional xuvenil. Os de Simón Lamas perderon a categoría tras caer ante o Sporting de Gijón en Mareo, onde os chaireiros deron a cara e plantaron batalla de tres xornadas para o final da competición. A vantaxe no marcador durou un cuarto de hora, xa que no minuto vinte o Sporting fixo o un a un. Ata a media hora o Villalbés mantivo o pulso competindo ben, pero co dous a un e o mentres que lles acompañaron as forzas ante un gran rival.

A primeira visita da historia do Rácing Villalbés

a Mareo ten dúas lecturas. Unha, a que se fai durante a media hora inicial, na que os chaireiros foron competitivos e ata se adiantaron no marcador. A partir de aí, as forzas cada vez foron menores, con moitos xogadores que disputaron os noventa minutos no Roca o sábado co equipo de Liga Galega, algo que aproveitou o Sporting para desnivelar a balanza e asaltar o primeiro posto da competición.

Aos cinco minutos Moreda inaugurou o marcador, e xa suma 11 goles a falta

de tres xornadas para o final da competición. A vantaxe no marcador durou un cuarto de hora, xa que no minuto vinte o Sporting fixo o un a un. Ata a media hora o Villalbés mantivo o pulso competindo ben, pero co dous a un e o mentres que lles acompañaron as forzas ante un gran rival.

Na segunda parte, a diferenza foise ampliando co paso dos minutos ata o definitivo sete a un, cunha clara vitoria do novo líder da División de Honra xuvenil.

O Celta no Roca

O último partido que disputou o Villalbés como equipo de Liga Nacional a pasada tempada foi ante o Celta B, cun empate a cero que lles deu o ascenso. O primeiro que xogará como novo equipo da categoría de prata serán ante o Celta tamén, onde seguro que sufrirán para manter o pulso co Dépor e Spórting.

OS MELLORES

RC VILLALBÉS	
MOREDA	👤👤👤
CADENAS	👤👤
JUANJO	👤



Arbitros: Daniel Vilar, Alejandro Gómez e Daniel de Vicente. Campo: Meis - Mosteiro

O Lugo B mostrou o seu fondo de armario ante o Lérez

“Os xogadores están competindo a un nivel fantástico, debemos mantelo ata final de temporada” **BRUNO RODRÍGUEZ** CD Lugo B

O CADETE JUAN CARLOS DEBUTOU NA LIGA NACIONAL nun encontro marcado polas ausencias dos albivermellos e a necesidade de puntos por parte do cadro pontevedrés



Rubén Arce, segundo adestrador do Lugo B, dando instrucións aos xogadores de banquiño

O Lugo B tivose que conformar cun punto ante o Lérez pese a merecer os tres por xogo e por maior número de ocasións, ante un equipo moi necesitado de puntos e nun partido marcado polas numerosas ausencias coas que afrontou Bruno Rodríguez este encontro.

Entre elas as dos tocados Rodri e Alexandre, mentres que o resto de ausencias foron debidas a excursións escolares, polo que o cadete Juan Carlos puido disputar os seus primeiros minutos na Liga Nacional xuvenil.

O Lugo B fíxose co dominio do xogo desde o inicio, adaptándose rápido

ao novo debuxo táctico e facendo un xogo que desenvolveron con fluidez.

Nassim, cun disparo de falta, Reigosa, con outro desde fóra da área, e dúas chegadas con perigo de Dani Arias e Óscar, foron a antesala do cero a un que asinou o propio Dani Arias cun certo remate cruzado tras unha boa xogada por banda esquerda.

Con vantaxe no marcador o Lugo B continuou xerando perigo, pero ao bordo do descanso o Lérez atopouse co empate tras un máis que dúbido penalti sinalado ao rebotarlle a David o balón na man dentro da área.

3-5-2

SISTEMA DE XOGO O xuvenil B tamén implantou esta xornada o novo sistema co que veñen competindo outros equipos de base e que usan clubs coma o Athletic Club de Bilbao nas súas categorías inferiores


Na segunda parte houbo menos control, xa que o Lérez necesitaba todo o botín en xogo ao estar co auga ao pescozo na clasificación, mentres que o Lugo nunca renunciou ao gol da vitoria, de aí que se vise unha entredita segunda parte á que lle faltou a guinda do gol.

O barco celeste segue á deriva

CUARTA DERROTA CONSECUTIVA dun Viveiro desconectado da competición e que xa está máis cerca do descenso que do ascenso



Uriol e Pablo Louzao nun encontro xogado no Cembedo



Arbitro: Juan Núñez, Miguel Ramírez e Pablo Pereira. Campo: Anexo O Roxo - Cerceda

“Esto es muy largo y si seguimos así vamos por el mal camino”

ANTONIO SERRANO Viveiro CF

1
LESIÓN DE MACLY O extremo tivo que abandonar o terreo de xogo tras substituír a David Ben ao sentir un pinchazo muscular

2
XOGADORES RESERVADOS os cambios dos dous puntas, David Ben e Rolle, viñeron dados porque ambos foron citados polo primeiro equipo para o encontro que se disputou onte

O Viveiro encadenou a cuarta derrota consecutiva na Liga Galega xuvenil tras ceder os tres puntos en

Cerceda nun partido no que apenas houbo ocasións de gol, pero no que os locais pescaron na minada moral dos celestes.

De inicio o encontro estivo condicionado polas reducidas dimensións do terreo de xogo. Ante iso, Antonio Serrano poboou o mediocampo para presionar en terreo rival e poder

levar a iniciativa no xogo.

Durante a primeira media hora o Viveiro estivo ben e mereceu adelantarse no marcador. Con todo, o que o fixo foi o Cerceda, nunha das súas poucas aproximacións aos dominios de Juan. O un a cero chegou a cinco minutos do final da primeira parte, e tras un lanzamento de falta afastada na que a

OS MELLORES

VIVEIRO CF	
P. CHAO	2 2 2
JUAN	2 2
PABLO LOUZAO	2

baixa intensidade defensiva propiciou un remate a pracer.

Na segunda parte o Cerceda se replegou e cedelle toda a iniciativa no xogo a un Viveiro que se foi completamente do encontro coa lesión de Macly, e tras substituír Antonio Serrano a David Ben e Rolle.

O dous a cero final volveu chegar nos minutos finais do encontro, nunha nova mostra de baixa intensidade da defensa dun Viveiro que intentará recuperar o pulso a próxima xornada ante o Estrada, segundo clasificado, no Cembedo.



Anxo intentando golpear o balón ante a mirada de Carlos



Arbitro: Jesús Ferrero, Rubén León e Álvaro Valín. Campo: Estadio Roca - Vilalba



Ángel saíndo ao corte con éxito ante un dianteiro herculino

Esforzo titánico con reparto de puntos

VILLALBÉS E MONTAÑEROS empataron nun encontro marcado polo estado do terreo de xogo sobre o que ninguén escatimou esforzos



Cris loitando cun rival tras deixarse atrás o balón

“Gran derroche de todos os xogadores pese ás condicións sobre as que se disputou o encontro” **IVÁN LAMAS** RC Villalbés B

Xusto reparto de puntos entre o Rácing Villalbés e o Montañeros, nun Roca moi castigado pola choiva e polo encontro que disputaron antes os cadetes de ambos conxuntos, o que propiciou que lonxe de ser un partido vistoso, foi un de loita e entrega no que os dous equipos baleiráronse ao longo dos

noventa minutos. Sen apenas ocasións claras ao longo do encontro o resultado máis lóxico era un empate a cero, pero os dous equipos buscaron sen cesar a portería rival en busca dun gol que practicamente aseguráralles os tres puntos en xogo. Ao longo da primeira parte as forzas estiveron

igualadas e cada equipo dispuxo dunha ocasión. O Montañeros aos cinco minutos de partido, mentres que a do Villalbés B fíxose de rogar ata o tramo final da primeira parte, na que Martín obrigou a unha boa estirada do porteiro visitante para manter o empate a cero tras un bo disparo logo dunha asistencia de Carlos.

Na segunda metade o desgaste físico empezou

a notarse, e aí o Villalbés B demostrou ser mellor. Co paso dos minutos os de Iván Lamas mantivéronse máis enteiros ante un Montañeros ao que se lle viu máis xusto de forzas.

Gabri empezou a ser un pesadelo para a zaga herculina con internadas pola banda, xerando entre nunha delas a ocasión máis clara da segunda parte, na que

5

PARTIDOS SEGUIDOS sen perder no Roca leva o Villalbés B, que aínda recibirá este curso ao Vitoria, Dumbria, Betanzos e O Val

3

RIVAIS DIRECTOS NO ROCA A permanencia pasa polos partidos da casa nos que o Villalbés, á marxe do Dumbria, xogará ante tres rivais co mesmo obxectivo

Carlos estivo a piques de rematar un bo centro seu ao fondo da portería.

O propio Gabri buscou fortuna cunha xogada individual nun tramo final no que Samu, tras unha

falta lateral, tamén acariñoou un a cero que nesta ocasión resistiuse ao Rácing Villalbés B.

Os chairegos, necesitados de puntos, irán a Lalín na próxima xornada.

Paso atrás do Calasancio para coller máis carreira

O VERÍN IMPÚXOSE CUN GOL NO ÚLTIMO MINUTO DE XOGO



Ceri a piques de superar a un contrario nos Escolapios

Oito xornadas logo da última derrota o Calasancio volveu ceder os tres puntos en xogo no Grupo Sur da Liga Galega xuvenil, o máis igualado de todas as competicións superiores esta tempada no fútbol galego. Os de Denis López estiveron preto da vitoria, pero non tiveron a contundencia necesaria e o Verín quedouse con todo o botín en xogo cun gol no último minuto.

Ata entón a igualdade marcou o encontro, con

moita loita no centro do campo e poucas ocasións nunha primeira parte con demasiadas interrupcións e pouco ritmo.

A ocasión máis clara chegou no desconto, cunha contra que sacou o porteiro Losada, Germán deulle continuidade e Juan rematou lixeiramente desviado.

Tralo descanso o partido foi máis aberto, cunha mellor posta en escena local pero co Calasancio crescendo co



Arbitro: Avelino García, Santiago Rodríguez e Andrea Quintana. Campo: A Granxa - Verín

“Partido igualado que se nos escapó al final. Debemos levantar la cabeza y centrarnos en el próximo”

DENIS LÓPEZ Calasancio

paso dos minutos ata dispoñer das ocasións máis claras cun disparo de Germán desde a frontal da área e con outro de Bruno logo dunha boa xogada individual.

O Calasancio perdoou, pero cando o encontro

camiñaba con paso firme cara ao empate a cero, chegou o gol do Verín no último minuto do partido, cun remate de ante Losada, que non puido facer nada nesta ocasión para evitar a derrota do Calasancio.

O Lugo xa compite completamente á marxe do marcador final

ASEDIO SEN PREMIO final tralo monólogo na segunda parte lucense

CALASANZ 2 1 CD LUGO

Goles: Alex e Edu polo Calasanz. Andrés polo CD Lugo.
Arbitro: Rodrigo García Gómez

“Conscientemente, defendimos espacios amplios y atacamos reducidos, conseguimos generar un enriquecedor capítulo para nuestro aprendizaje”

JOSE MATO CD Lugo

O Lugo deixou todo o botín en xogo na Coruña ante o Calasanz nun partido con moitos contratempas para os lucenses, que de saída intentaron meter ao seu rival en campo propio pero sufriron moito coa verticalidade dos dianteiros herculinos á contra.

Nunha desas accións o Calasanz fixo o un a cero, antes do cuarto de hora inicial. Lonxe de acusar en exceso o golpe en contra, o Lugo levantouse e mantivo a súa proposta dentro do corralles no que se converteu o encontro. Andrés devolveu as táboas ao marcador nunha acción de nove tras regatear ao porteiro local, pero a alegría durou pouco xa que o Calasanz volveu tomar o mando antes do descanso.

Na segunda parte o Calasanz tivo contra as cordas ao Lugo no tramo inicial, pero aos dez minutos quedáronse cun xogador menos. Con media hora por diante o Lugo iniciou un asedio sen derruba no que ata Rey terminou xogando de dianteiro centro en busca do empate.

Showtime albivermello

O LUGO B GUSTOUSE ANTE O VICTORIA B nun partido dominado con moita autoridade por un conxunto que segue en clara liña ascendente

CD LUGO B 4 1 VICTORIA B

Goles: Manu Brian, Asier e outro en propia porta. **Go:** Andrés

POSTO Con 45 puntos o Lugo B vai en camiño de asinar a súa mellor clasificación dende que compite na Liga Galega cadete

Arbitros: Jorge Méndez, Fernando Díaz e Miguel Rodríguez. Campo: Rodríguez Lugo 1

“Actitud presionante. No le dimos ni un solo metro al rival, lo que provocó muchos robos en campo contrario y muchas ocasiones claras de gol. El trabajo sin balón desencadenó en claras ocasiones con balón” **IVÁN ALONSO** CD Lugo B

O Lugo B gustouse ante o Victoria B nun partido dominado de principio a fin polos de Iván Alonso, que saíron intensos e coas ideas moi claras, asfixiando ao seu rival e xerando perigo desde os primeiros minutos de partido.

Aos sete de xogo chegou o un a cero, e asinouno Manu ao bater ao porteiro herculino no man a man tras recibir un pase de Pérez.

O Victoria B, embotellado no seu campo, buscou os balóns longos para poder tomar aire, pero o Lugo B cortou todas as accións

con autoridade e non permitiu respiro ao seu rival.

Ao filo do descanso chegou o dous a cero tras unha espectacular acción individual de Asier, na que conduciu o balón dende atrás ata conectar un preciso disparo dende o borde da área para poñer terra de por medio no marcador.

Xa na segunda parte o Victoria B rompeuse por completo ante a superioridade lucense en todas as facetas do xogo, polo que o carrusel de ocasións foi unha constante ao longo dos segundos corenta



Asier, autor do mellor gol do encontro, sacando o balón xogado



Fonseca subindo o balón pola banda esquerda nun lance do xogo

minutos.

Malia iso, o tres a cero fíxose de rogar, ata que Manu fabricou unha boa xogada por banda que rematou ao fondo da rede Brian. Pouco despois chegou o cuarto, nesta ocasión cun autogol herculino tras

un centro lateral do Lugo B.

Con todo visto para sentenza o Victoria B maquiou o marcador final co catro a un nun dos poucos despistes defensivos dos lucenses ao longo dos oitenta minutos de partido.

VERÍN 4 2 CALASANCIO

Goles: David, Iván, Kike e Sergio polo Verín. Alexandre (2) polo Calasancio.
Arbitro: Santiago Rodríguez Gómez

Luces e sombras

O CALASANCIO, tras unha boa primeira parte, caeu na segunda



O monfortino Iker, un dos máis destacados neste encontro

“Os erros individuais que cometemos marcaron o partido e o marcador final”

CORDAS CP Calasancio

equipo metendo no terreo de xogo aos infantís Xoel Irimia e Nodar para disputar os últimos vinte minutos, pero o Verín, que se volveu a adiantar á hora de xogo tras un saque de esquina, sentenciou o partido na recta final co definitivo catro a dous no último minuto.

Ao Calasancio terminánselle as balas esta tempada, polo que o próximo encontro ante o Salgueiriños nos Escolapios é máis que unha final para os de Cordas, que necesitan reaccionar e asinar un gran final de tempada para chegar con opcións de permanencia ás últimas citas do curso.

Nada máis empezar o encontro chegou o un a cero, aos catro minutos. Pouco despois, ao cuarto de hora, Alexandre fíxo o un a un.

A partir de aí o Calasancio gañou en confianza, pero un novo despiste defensivo propiciou o dous a un que volveu a neutra-

lizar Alexandre ao asinar o dous a dous antes de chegar ao descanso tras un lanzamento directo de falta.

Xa na segunda parte o Calasancio foi menos competitivo ante un Verín que dominou o encontro. Cordas intentou darlle aire fresco ao

OS MELLORES CALASANCIO
ALEXANDRE 2 2
ABEL 2 2
IKER 2

O Montañeros púxose o mono de traballo

DEMOSTRARON A SÚA CANDIDATURA AO ASCENSO nun partido intenso e de poder a poder ante o Villalbés no Roca



O chairego Hugo na disputa dun balón dividido




Gabri desbordando a un defensa rival pola banda

8

PARTIDOS MARCANDO

Dende a derrota ante o Galicia Caranza no Roca no mes de decembro, os de Cholas non remataban un encontro sen ver portaría

O Montañeros, segundo clasificado, foi o mellor equipo que pasou esta tempada polo Roca, e demostrou sobre un terreo de xogo moi pesado no que, por momentos, era imposible circular o balón. Pese a iso, o conxunto herculino dirixido polo ex adestrador do Lugo, Posi, púxose o mono de traballo e deu o callo como o que máis para



Arbitros: Álvaro Valín, Rubén León e Jesús López. Campo: Estadio Roca - Vilalba

sair airoso cos tres puntos de Vilalba.

Na primeira metade o Rácing atacou para a parte do campo que está mellor e foi lixeiramente superior. Con todo, antes do cuarto

de hora inicial o Montañeros inaugurou o marcador tras un bo centro cun certo remate no segundo pau.

A partir de aí o Montañeros fíxose forte en defensa nun partido de fútbol directo e loita sen tregua no que Álex e Iago dispuxeron das dúas ocasións máis claras para os de Cholas na primeira parte.

A sensación ao descanso era de igualdade, pero con lixeiro dominio dun Rácing Villalbés que no segundo tempo atacou para a peor parte do terreo de xogo.

Os segundos corenta

“Partido muy competido e igualado ante el mejor equipo que pasó por el Roca esta temporada”

CHOLAS Rácing Villalbés

minutos foron de querer e non poder. Os chairegos non escatimaron un só esforzo, pero o Montañeros demostrou a súa posición na táboa clasificatoria. Fíxose forte no medio campo e coas ideas moi claras conseguiu que se xogase lonxe da súa área.

A insistencia do Villalbés non se traduciu en ocasións de gol, polo que un encontro que debería de terminar co cero a cero inicial decatouse para o lado herculino cun solitario gol nunha xogada illada na primeira parte.

Na próxima xornada os de Cholas viaxan á Estrada para medirse cun rival que só perdeu un partido dos nove últimos e que suma tres vitorias consecutivas.

OS MELLORES

VILLALBÉS

ANDRÉS 2 2 2

LÓPEZ 2 2 2

HUGO 2



Santi, Gabi, Hugo e Dani nun lance do xogo



Dani trata de frear a un contrario por diante de Andrés



Os xogadores do Villalbés ao remate do encontro



Noel, autor de dous goles, disparando a portaría

“El resultado final es un reflejo del buen juego que hizo el equipo en este partido”

LUCHI Viveiro Club de Fútbol



Arbitros: Alberto Braña, Daniel Martínez e Iván Ferrero. Campo: O Conco - Dumbria

O Viveiro colleu impulso antes das etapas raíñas

TRAS IMPOÑERSE EN DUMBRIA os mariños recibirán ao Deportivo B e ao San Tirso no Cembedo

O Viveiro afinou a súa posta a punto de cara ás etapas raíñas que afrontará nas próximas dúas xornadas na Liga Galega cadete, onde os de Luchi recibirán ao Deportivo B e ao líder da competición.

Antes destas dúas citas os celestes tiñan unha complicada saída, a Dumbria, ante un equipo inmerso na loita pola permanencia que se replegou de inicio para buscar algunha contra coa que poder xerar perigo.

O Viveiro foi sólido desde os primeiros minutos e aos poucos foi xerando en ataque ata que Manu Rio inaugurou o marcador, no ecuador da primeira parte, ao culminar unha xogada de Noel pola banda.

Ao descanso chegouse

con cero a un, pero con sensación de moita superioridade por parte dun Viveiro que non concedeu ocasións e que tivo varias para ampliar a vantaxe nos primeiros corenta minutos.

Tralo descanso mantívose o guiñón, pero o Dumbria aproveitou unha xogada illada para sorprender aos mariños e empatar o encontro co

momentáneo un a un. O gol encaixado non afectou ao transcurso do partido e ata foi un aliciente para que o Viveiro subise unha marcha máis e fose máis vertical.

O un a dous non tardou en chegar e asinouo Luis, mentres que Noel xogou un a tres co que o Dumbria baixou os brazos por completo ante un Viveiro superior que levou o marcador final ata o un a cinco, cun gol de Xoel e outro de Noel, o mellor xogador do encontro.

OS MELLORES

VIVEIRO CF

NOEL 2 2 2

MANU 2 2 2

LUIS 2

Novo punto de partida

GRAN PRIMEIRA PARTE DO POLVORÍN nun encontro no que se tivo que conformar cun punto pese a irse ao descanso con 2-0 no marcador



Jose protexendo o esférico da presión dun xogador contrario



Steven leva o coiro nunha xogada de contraataque dos amarelos

EF POLVORÍN	2	2	G. CARANZA	3
Goles: Samuel e Ignacio			Goles: Hugo e Cociña	

EF POLVORÍN: Fer, David, Maidaña, Aroa (Cociña), Conde, Alberto (Jose), Vicente, Marco (Iago), Martín (Tallón), Diego A. (Alex), Samuel (Vila), Ignacio, Hugo, Álex (Bruno), Raúl, Diego V., Juanma, Xabier, Steven, Javi (Lucas), Aike (Adan), Mathias

G. CARANZA: Bruno, Marcos, Raúl (Nacho), Manel, Héctor, Carlos (Gabriel), González, Izan (Jaime), Diego (Limia), Freire, Ayman, Marco, Rosón (Nacho), Antón (Borja), Amin (Andrés), Manel, Nico, Unai, Buide (Lucas), Jacobo (Nacho)

Arbitro: Ángel Pérez, Miguel Rodríguez e Abdelouadoud Boutzakate. Campo: O Polvorín

O Polvorín xa meteu a outro equipo por debaixo, o Oza Juvenil, polo que é antepenúltimo na clasificación. Ante o Galicia Caranza estaban en xogo moito

máis que tres puntos, xa que os de Caballero querían medir as súas opcións reais de permanencia.

Dous puntos escapáronse, pero

“Vamos a seguir en esta línea y así tendremos opciones hasta el final”

CABALLERO EF Polvorín

da cita ante o Galicia Caranza o Polvorín saíu máis que reforzado.

A primeira parte dos locais foi do mellor desta tempada. Con implicación e criterio o Polvorín despegou no marcador cun golazo. Samuel fixo o un a cero cun potente disparo desde tres cuartos de campo e Ignacio o dous a cero no ecuador da primeira parte ao culminar unha contra, no partido do seu regreso ao equipo.

A partir de aí o Polvorín foi solidario, chegou a todas as axu-

das e mantivo a vantaxe ata o descanso. Xusto antes, na última xogada, lesionouse o porteiro Diego Arias nun dedo e foi substituído.

OS MELLORES

- EF POLVORÍN**
- IGNACIO
 - JUANMA
 - Diego V.

Xa na segunda parte o cansazo fixo mella nos locais e, en apenas dous minutos, o Galicia Caranza fixo dous goles á hora de partido. Caballero cortou a hemorraxia refrescando o equipo con Jose e Vila, un plan que case sae redondo, xa que na recta final do partido o Polvorín dispuxo das mellores ocasións para gañar.

O Lugo rabuña un merecido punto no campo do líder

MANEL asinou o empate de penalti

PABELLÓN	1	1	CD LUGO
-----------------	----------	----------	----------------

PABELLÓN: Álex (Ramon), Pablo, Izan (Jaime), Freire, Amin (Andrés)

CD LUGO: Bruno, Marcos, Raúl (Nacho), Manel, Héctor, Carlos (Gabriel), González, Diego (Limia), Ayman, Marco, Rosón (Nacho), Antón (Borja), Nico, Unai, Buide (Lucas), Jacobo (Nacho)

Goles: Jaime polo Pabellón Ourense, Manel polo CD Lugo. Arbitro: José Luis Abadín Fernández

“O nivel de esixencia deste partido foi un dos máis altos e soubemos estar á altura. Noraboa a todos os xogadores”

BRAS PRADOS CD Lugo

Segundo empate consecutivo do Lugo nunha Copa Galicia á que os de Brais Prados xa lle empezan a tomar o pulso, sobre todo tras sacar un empate de Ourense ante un Pabellón que é o líder da competición.

Con cinco xogadores de primeiro ano no once inicia o Lugo, lonxe de cohibirse, foise a polo partido e ata dispuxo das ocasións máis claras con Marco e Ayman como os máis incisivos en ataque, mentres que en defensa brillou o bloque por encima dos nomes propios, concedendo tan só unha ocasión na primeira parte cun disparo afastado que se estreou no larguero.

Tralo descanso os locais tiveron unha gran posta en escena, e froito diso adiantáronse no marcador cun remate tras rexeite de Jacobo. A partir de aí o máis fácil sería borrarase, pero o Lugo deu un paso á fronte, e coa entrada no campo de Lucas os lucenses subironse ás barbas ao Ourense, empatando o partido o Manel de penalti e dispoñendo de ocasións de gol ata o asubio final para remontar.

PONTEVEDRA	2	2	CALASANCIO
-------------------	----------	----------	-------------------

PONTEVEDRA: Pablo (Outeda), René, Ian, Abraham, Centeno, Adrían, Denis (Díaz)

CALASANCIO: Ángel, Hugo (Cristian), Fernando (Alonso), Casal, Lanoza, Álex, Xael Irimia (Davicin), Nodar, Carmen (Rober), Cereijo (David), Vila, Daniel, Diego

Goles: Alex (2) polo Pontevedra, Adrían e Nico polo Calasancio. Arbitro: Antonio Loira Pocerio

Cuarta xornada consecutiva puntuando para un Calasancio inmerso de cheo na loita pola permanencia. Os de Carlos Fontal empataron en Pontevedra ante un rival directo nun partido con dous partes moi distintas.

Na primeira o Calasancio

Segue o goteo de puntos

O CALASANCIO empatou nun partido con dúas partes distintas

“Hicimos una buena primera parte, pero en la segunda nunca conseguimos encontrarnos cómodos” FONTAL Calasancio

foi mellor e ao descanso chegouse con un a dous no marcador, mentres que na segunda os monfortinos saíron con vida tralo dous a dous final.

Aos tres minutos inaugurou o marcador o Pontevedra, pero ao cuarto de hora Adrían volveu mostrar o seu idilio co gol para devolver as táboas ao marcador antes de que Nico, cun certo remate de cabeza marca da casa, enviase ao fondo da portaría un saque de esquina lanzado por Xael para poñer por



Carmen a piques de golpear o balón nun partido nos Escolapios

diante ao Calasancio co un a dous que terminou a primeira parte.

Xa na segunda o Pontevedra deu un paso á fronte e o Calasancio acusouno. Diego foi o principal sustento defensivo evitando o empate en varias ocasións. O Calasancio resistiu coa vantaxe

ata o tramo final, no que o Pontevedra atopou o camiño do gol para empatar a falta de cinco minutos para o final. Tempo no que Xael Irimia e Álex, este último cun man a man, puideron darlle os tres puntos a un Calasancio que deu por bo o empate final

LISTAS CATEGORIAS SUPERIORES E PROVINCIAIS **REGULARIDADE E GOLES**

Para calqueira aclaración ou errata: lidertugo@lavoz.es

TROFEO JORGE TATO
XUVENIL SUPERIORES

Xogador	Equipo	G.
ROLLE	VIVEIRO	20
DAVID BEN	VIVEIRO	15
CERI	CALASANCIO	12
MOREDA	VILLALBÉS	11
ÓSCAR	CD LUGO B	10
JAIRO	VIVEIRO	9
NICO	CALASANCIO	7
DANI ARIAS	CD LUGO B	6
JESÚS	CD LUGO B	5
JORGE	VIVEIRO	5
RUBI	CD LUGO	5
ÁNGEL	VILLALBÉS B	4
GABRI	VILLALBÉS B	4
JACOBO	CD LUGO	4
REIGOSA	CD LUGO B	4
ALBERTE	VILLALBÉS	3
ÁLEX B.	CALASANCIO	3
CARLOS	VIVEIRO	3
DAVID	CD LUGO B	3
HUGO	VILLALBÉS	3
JUAN	CALASANCIO	3
LAMÚS	CALASANCIO	3
MACLY	VIVEIRO	3
NAVIA	CD LUGO	3
ÓSCAR	CD LUGO	3
PABLO L.	VIVEIRO	3
URIOL	VIVEIRO	3
ADRI	CD LUGO	2
ÁLEX	CD LUGO B	2
BRAIS	CD LUGO	2
CARLOS	VILLALBÉS B	2
CASARIEGO	CD LUGO	2
DANI REAL	CD LUGO B	2
DAVID	VILLALBÉS B	2
GERMÁN	CALASANCIO	2

Pichichi
CADETE SUPERIORES

Xogador	Equipo	G.
NOEL	VIVEIRO	24
BRIAN	CD LUGO B	13
ABEL	VILLALBÉS	11
MANU	VIVEIRO	11
MANU	CD LUGO B	11
PÉREZ	CD LUGO B	10
YAGO	CD LUGO	7
ÁLEX	VILLALBÉS	9
IAGO	VILLALBÉS	9
SAMU	CD LUGO B	9
ANDRÉS	CD LUGO	8
PROL	CD LUGO	7
DANI	CD LUGO	6
TRASI	VIVEIRO	6
COBO	CALASANCIO	4
DAMIÁN	CD LUGO	4
SAMUEL	CALASANCIO	4
XOEL	VIVEIRO	4
ANDRÉS	VILLALBÉS	3
CONDE	CD LUGO	3
J. CARLOS	CD LUGO	3
JAVI	CD LUGO B	3
JUAN	VIVEIRO	3
LÓPEZ	VILLALBÉS	3
LUIS	VIVEIRO	3
XABI	CD LUGO	3
DAVID	VILLALBÉS	2
DAVID	CD LUGO B	2
GABI	VILLALBÉS	2
GABRIEL	VILLALBÉS	2
JAIRO	CD LUGO B	2
MITHUM	CD LUGO	2
RIVAS	CD LUGO	2
ROMÁN	CALASANCIO	2
SEJAS	VIVEIRO	2
TAGÜI	CALASANCIO	2

Pichichi
INFANTIL SUPERIORES

Xogador	Equipo	G.
ADRIÁN	CALASANCIO	16
GABRI	CD LUGO	14
NODAR	CALASANCIO	8
ÁLEX	CALASANCIO	7
XOEL	CALASANCIO	7
ALESITO	CD LUGO	6
FREIRE	CD LUGO	6
MANEL	CD LUGO	5
BORJA	CD LUGO	4
JUANMA	POLVORIN	4
LUCAS	CD LUGO	4
SAMUEL	POLVORIN	4
JORGE	CD LUGO	3
LOSADA	CALASANCIO	3
BUÍDE	CD LUGO	2
CEREJIO	CALASANCIO	2
DABLANCA	CD LUGO	2
DAVICÍN	CALASANCIO	2
FER	POLVORIN	2
IGNACIO	POLVORIN	2
KHAYKI	POLVORIN	2
LUISITO	CD LUGO	2
NICO	CALASANCIO	2
UNAI	CD LUGO	2
CARMEN	CALASANCIO	1
CONDE	POLVORIN	1
DAVID	POLVORIN	1
DAVID	CALASANCIO	1
DENIS	CALASANCIO	1
DÍAZ	CALASANCIO	1
DÍAZ	CALASANCIO	1
IAGO	POLVORIN	1
JOSE	POLVORIN	1
PABLO	CD LUGO	1
ROSÓN	CD LUGO	1
VILA	POLVORIN	1

Pichichi
XUVENIL PROVINCIAL

Xogador	Equipo	G.
VELOSO	RESI A	35
ADRIÁN B.	RIBADEO	29
YAGO	BURELA	25
MARTÍN	MILAGROSA	14
BORJA	BURELA	13
TORITO	CASTRO	13
RAÚL	CASTRO	12
XESÚS	PALAS	12
ALBERTO	RIBADEO	10
GUNDÍN	SAGRADO	9
JAVI	LOURENZÁ	9
JORGE	RIBADEO	9
LUIS	LOURENZÁ	9
ARTAI	RESI A	8
FONSECA	RESI A	8
OURO	PALAS	8
MARCOS	XOVE LAGO	8
CASANOVA	RIBADEO	7
COQUE	POLVORIN A	7
JAVI	POLVORIN A	6
MIGUEL	RIBADEO	6
RAÚL C.	CASTRO	6
ROI	RESI A	6
DEL VISO	RIBADEO	6
JORGE	CASTRO	5
KEI	RIBADEO	5
PRIETO	SARRIANA	5
CONDE	RESI A	5
GOÁS	CASTRO	5
HAMZA	SARRIANA	5
IVÁN	RIBADEO	5
JAVI PÉREZ	RIBADEO	5
JONY R.	SAGRADO	4
ADRIÁN	MILAGROSA	4
ANDRÉS	POLVORIN A	4
ASIER	CASTRO	4

Pichichi
CADETE PROVINCIAL

Xogador	Equipo	G.
DIEGO FDEZ	XOVE LAGO	30
ABELLA	SARRIANA	25
NEIRA	MILAGROSA	25
BUJÁN	MILAGROSA	20
MARCO	MILAGROSA	20
MARTÍN B.	RESI A	17
ADRIÁN	SAGRADO	16
ADRI CANCIO	RESI A	15
HERNÁNDEZ	RESI A	13
MARTÍN I.	RESI A	11
ÁLEX G.	RESI A	10
XOEL A.	MILAGROSA	10
IVÁN G.	RIBADEO	9
ÓSCAR	POLVORIN A	9
DIEGO	MILAGROSA	8
MARCO	CASTRO	8
MARCOS	XOVE LAGO	8
CASANOVA	RIBADEO	7
COQUE	POLVORIN A	7
JAVI	POLVORIN A	7
MIGUEL	RIBADEO	7
RAÚL C.	CASTRO	7
ROI	RESI A	7
DEL VISO	RIBADEO	6
JORGE	CASTRO	6
KEI	RIBADEO	6
PRIETO	SARRIANA	6
CONDE	RESI A	5
GOÁS	CASTRO	5
HAMZA	SARRIANA	5
IVÁN	RIBADEO	5
JAVI PÉREZ	RIBADEO	5
JONY R.	SAGRADO	5
ADRIÁN	MILAGROSA	4
ANDRÉS	POLVORIN A	4
ASIER	CASTRO	4

Pichichi
INFANTIL PROVINCIAL

Xogador	Equipo	G.
ÁLEX	RIBADEO	36
RAFA	MILA B	31
IVÁN	RESI A	29
JAVI	VILLALBÉS A	24
ADRIÁN	BURELA	23
AYMAN	CD LUGO B	18
NICO	MILA B	16
DANI P.	RESI A	15
MARIO M.	MILA B	15
MARCO	CD LUGO B	14
VEIGA	VIVEIRO	14
ÁLEX	VILLALBÉS A	13
IKER	CD LUGO B	12
JAVI	RIBADEO	12
HUGO S.	BURELA	11
BRUNO	VIVEIRO	10
CRISTOBAL	PIRINGALLA	10
MENDAÑA	VIVEIRO	10
MICHAEL	VILLALBÉS A	10
PABLO	VILLALBÉS A	10
HUGO	RIBADEO	9
LOMBA	RESI A	9
ÁNGEL	PIRINGALLA	8
DANI	RIBADEO	8
LUCAS	CD LUGO B	8
NICO	RIBADEO	8
SERGIO	RIBADEO	8
ÁLEX GOAS	RESI A	7
IVÁN	BURELA	7
BRAIS	VILLALBÉS A	6
DANI	CD LUGO B	6
DIEGO	MILA B	6
GABI	RIBADEO	6
JOSE L.	VILLALBÉS A	6
MANU C.	RESI A	6
MARTÍN	VILLALBÉS A	6

Regularidade
XUVENIL SUPERIORES

Xogador	Equipo	P.
ÁLEX B.	CALASANCIO	26
ÁNGEL	VILLALBÉS B	25
DAVID BEN	VIVEIRO	25
MOREDA	VILLALBÉS	24
ROLLE	VIVEIRO	23
ANXO	VILLALBÉS	21
CADENAS	VILLALBÉS	21
CARLOS	VILLALBÉS B	18
PABLO L.	VIVEIRO	18
SAMU	VILLALBÉS B	17
ALBERTE	VILLALBÉS	16
JAVI	VILLALBÉS	16
XOEL	VIVEIRO	16
NICO	CALASANCIO	14
URIOL	VIVEIRO	14
CRISTIAN	VILLALBÉS B	12
GABRI	VILLALBÉS B	12
JAIRO	VIVEIRO	12
JUANJO	VILLALBÉS	12
ARCA	CALASANCIO	10
CERI	CALASANCIO	10
CRIS	VILLALBÉS B	10
DAMIÁN	CALASANCIO	10
JUAN	CALASANCIO	10
LAMÚS	CALASANCIO	10
DIEGO	VILLALBÉS	9
SERGÍ	CALASANCIO	9
DIEGO	CALASANCIO	8
HUGO	VILLALBÉS	8
JORGE	VIVEIRO	8
MACLY	VIVEIRO	8
NICOLÁS	VILLALBÉS B	8
CLEMENTE	VILLALBÉS B	7
LOSADA	CALASANCIO	7
ADRI	CALASANCIO	6
ANXO	VILLALBÉS B	6
DAVID	VILLALBÉS B	6

Regularidade
CADETE SUPERIORES

Xogador	Equipo	P.
IAGO	CALASANCIO	26
XOEL E.	VIVEIRO	26
MANU	VIVEIRO	24
ALEXANDRE	CALASANCIO	21
IAGO	VILLALBÉS	21
NOEL	VIVEIRO	21
JUAN	VIVEIRO	19
ANDRÉS	VILLALBÉS	18
DAVID	VILLALBÉS	17
LÓPEZ	VILLALBÉS	17
LUIS	VIVEIRO	16
TRASI	VIVEIRO	14
ABEL	CALASANCIO	13
HUGO	VILLALBÉS	13
MANU	CALASANCIO	13
RODRI	VIVEIRO	13
IKER	CALASANCIO	10
ABEL	VILLALBÉS	9
GABRIEL	VILLALBÉS	9
TAGÜI	CALASANCIO	9
ÁLEX	VILLALBÉS	8
ÁNGEL	VIVEIRO	8
LOIS	VILLALBÉS	8
SAMUEL	CALASANCIO	8
FLORES	CALASANCIO	7
GESTO	VILLALBÉS	7
VILA	CALASANCIO	7
ALBERT	VIVEIRO	6
COBO	CALASANCIO	6
DANI	VILLALBÉS	6
SANTI	CALASANCIO	6
DIEGO	CALASANCIO	5
GABI	VILLALBÉS	4
ROMÁN	CALASANCIO	4
AZAZEL	VILLALBÉS	3
CABADO	VILLALBÉS	3
DANI	CALASANCIO	3

Regularidade
INFANTIL SUPERIORES

Xogador	Equipo	P.
XOEL I.	CALASANCIO	30
VILARIÑO	CALASANCIO	22
ADRIÁN	CALASANCIO	20
CONDE	POLVORIN	20
NICO	CALASANCIO	19
DAVID	POLVORIN	16
JAVI	POLVORIN	16
JUANMA	POLVORIN	16
CARMEN	CALASANCIO	14
ALBERTO	POLVORIN	13
DIEGO V.	POLVORIN	12
FER	POLVORIN	12
ÁLEX	CALASANCIO	11
NODAR	CALASANCIO	11
SAMUEL	POLVORIN	9
IGNACIO	POLVORIN	8
CEREJIO	CALASANCIO	7
DAVID	CALASANCIO	7
DENIS	CALASANCIO	6
STEVEN	POLVORIN	6
AARÓN	POLVORIN	3
DIAZ	CALASANCIO	3
DIEGO	CALASANCIO	3
LUCAS	POLVORIN	3
MARQUITOS	POLVORIN	3
VILA	POLVORIN	3
DIEGO A.	POLVORIN	2
JUAN V.	POLVORIN	2
IAGO	POLVORIN	1
IAGO	CALASANCIO	1
JOSE	POLVORIN	1
KHAYKI	POLVORIN	1
LOSADA	CALASANCIO	1
-	-	-
-	-	-
-	-	-
-	-	-

Regularidade
XUVENIL PROVINCIAL

Xogador	Equipo	P.
VELOSO	RESI A	25
RAÚL	CASTRO	22
ADRIÁN B.	RIBADEO	22
ÓSCAR	PALAS	20
ALBERTO	RIBADEO	18
DAVID L.	MILAGROSA	17
MUINELO	SAGRADO	16
ANDER	MILAGROSA	15
ANTÓN	RESI A	14
MÁNGEL	CASTRO	14
CUBE	RIBADEO	13
HUGO	SAGRADO	13
MIGUEL	MILAGROSA	13
ANXO	MILAGROSA	12
BORJA	CASTRO	12
LAGE	CASTRO	12
GUNDÍN	SAGRADO	11
JOSE	LOURENZÁ	11
YERAY	SAGRADO	11
ÁLVARO	MILAGROSA	10
BEGONTE	RESI A	10
KEVIN	CASTRO	10
RÓBER	SAGRADO	10
TORITO	CASTRO	10
DARIEL	SAGRADO	9
GABRI	RESI A	9
JORGE	RIBADEO	9
LUIS	LOURENZÁ	9
MANU	LOURENZÁ	9
PABLO	PALAS	9
PAULO	LOURENZÁ	9
XESÚS	PALAS	9
ÁLEX	RIBADEO	8
MAURO	RIBADEO	8
ÁNGEL	PALAS	7
DIEGO	MILAGROSA	7
MARTÍN	MILAGROSA	7

Regularidade
CADETE PROVINCIAL

Xogador	Equipo	P.
DIEGO F.	XOVE LAGO	40
ADRI	SAGRADO	26
FABIÁN	SARRIANA	19
JAVI P.	POLVORIN A	19
MARCO	CASTRO	18
DEL VISO	RIBADEO	17
XOÁN	SAGRADO	17
ÁLEX F.	POLVORIN A	16
ABELLA	SARRIANA	15
ADRIÁN	RIBADEO	15
RIVEIRA	CASTRO	14
DIEGO C.	XOVE LAGO	13
ADRI CANCIO	RESI A	12
ASIER	CASTRO	12
JONY R.	SAGRADO	12
MARCO	MILAGROSA	12
ANDRÉS	POLVORIN A	11
CONDE	RESI A	11
CRISTIAN	RIBADEO	11
JORGE	CASTRO	11
RAÚL C.	CASTRO	11
XABI	MILAGROSA	10
GARCÍA	RESI A	10
MONIR	SARRIANA	10
SEBAS	RESI A	10
XANDRE	MILAGROSA	10
ARIAS	SARRIANA	9
BORJA	RIBADEO	9
NEIRA	MILAGROSA	9
SANTI	XOVE LAGO	8
ÁLEX A.	POLVORIN A	7
ÁLVARO	XOVE	

Rafa volveu decidir para a Mila

A SÚA PEGADA desnivelou un partido no que a Piringalla acusou a falta de gol

PIRINGALLA		MILAGROSA	
0		2	
Goles: Rafa (2)			
Lucas	Andrés (Simón)	Miguel (Mario R.)	Gael
Santi	Ángel (Adán)	Héctor	Juan (Alex)
Manu	Javi Cela	Cristóbal	Borja (Carmel)
Noé (Oscar)	Adán (Alex)	Mario	Diego (Alberto)
Javi Calderón	Lorenzo (Longarela)	Rafa	Bruno
			Pablo (Lucas)

Arbitro: Sadoun Bahía Saghair Campo: Municipal Rodríguez Lago - Lugo

“Temos que seguir entrenando e pelexando para continuar competindo como o estamos facendo” JORGE Piringalla

OS MELLORES

PIRINGALLA	MILAGROSA
LUCAS	BORJA
MANUEL	HÉCTOR
ROMÁN	DIEGO

área por parte dos dous equipos, pero maior eficacia dos da Friga. Moi intensos, sobre todo na primeira metade, os locais non permitiron que a Milagrosa rematase con perigo

A Milagrosa volveu á senda da vitoria despois de dúas xornadas. Os da Friga impuxéronse á Piringalla nun partido disputado, con chegadas á

entre os tres paus malia que os de Madriles tiñan máis presenza ofensiva. O marcador abriuse nada máis comezar a segunda metade, nunha xogada



O lateral da Mila Gael controla o balón ante Andrés e Lucas



Juan protexe o esférico ante a presión de Ángel e Adán



Miguel trata de golpear o balón presionado por Adán



Lorenzo golpeando o esférico diante de Cristian e Diego

con varios despexes fallidos da zaga local que acabou aproveitando Rafa para facer o seu primeiro gol. Co marcador a favor os visitantes mostráronse

mais dominadores, pero a ocasión máis clara foi para a Piringalla, que puido empatar o partido nun lanzamento de falta directa de Lucas que se estrelou

contra a madeira. A falta de gol -cinco no que vai de Provincial- volveu penalizar ao equipo local que, pouco despois, via como o partido quedaba senten-

ciado co segundo gol de Rafa.

A próxima cita dos de Jorge é ante o Lugo B. A Milagrosa recibe na Friga ao Porto de Burela.



Javi e Manu Zurdo disputan o esférico, detrás, Martín

A Residencia rompe o partido con tres goles en dez minutos antes do descanso

RESIDENCIA	4
RC VILLALBÉS	0

Juan	Breixo
Antón	Mario
Rodrigo	Hugo
Manu Z.	Oscar
Sergio	Xairo
Melvin	Noel
Samu	Martin
Luisito	Alex
Dani Pérez	Michael
Lomba	Yago
Gabri	Javi
Juanillo	David
Jorge	Vicente
Pablito	Alex Losada
Nico Gómez	Jose Losada
Iván	Anxo

Goles: Luisito, Gabri e Iván (2)

Arbitro: Pablo Varela Sánchez

Oitava vitoria consecutiva da Residencia, que comeza a segunda volta no máis alto da táboa, sen perder ningún encontro. O último rival dos branquiazuis foi o Racing Villalbés que viu que, en apenas dez minutos se alonxaba a posibilidade de puntuar nun partido no que estaba a

“Competir siempre, y los ochenta minutos. Siguiente objetivo”

KAISER Residencia

“Para poder gañar tiñamos que estar moi precisos no pase e na circulación e aproveitar as ocasións, e non o fixemos. Sorte á Resi na Fase”

SIMÓN LAMAS RC Villalbés

Gabri e Iván ampliárono ata o 3-0 antes do paso polos vestiarios.

Na segunda metade mantívose o reparto de papeis, e de novo foi a Residencia a que máis perigo xerou, remachando o partido co 4-0. Co resultado decidido, o partido perdeu intensidade e dominou o centrocampismo. Os branquiazuis volveron deixar a portaría a cero.



Michael consegue marcharse co balón ante Dani Pérez

O Burela segue escalando na táboa

BURELA	4
VIVEIRO	1

Manu G.	David
Mateo	Marc
David O.	Javi
Gaioso	Carlos
Anxo	Toni
Xoel	Pablo A.
Alejandro	Huguito
Yago	Mendaña
Iván	Boixet
Adrián	Veiga
Fernando	Bruno
Hugo Soto	Teshome
Manu Rivas	Dopico
Dani	Mikel
Ramiro	Saúl
	Sarmuel

